



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: O exercicio da potestade inspectora e sancionadora en materia de transportes

CONVOCATORIA: 1ª conv AUTONOMICO

GRUPO: Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes

ÁREA: Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	PLAN:	F. FINALISTAS	HORAS:	20
ADMINISTRACIÓN:	AUTONÓMICA	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2025
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL + TELEPRESENZA	TIPOLOXÍA:	ESPECÍFICO	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 07/03/2025 - 10:00h ao 10/03/2025 - 14:00h

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

- Actualizar a formación do persoal que realiza funcións en materia de inspección e tramitación de expedientes sancionadores en materia de transportes mediante un repaso xeral dos fundamentos das grandes áreas temáticas que integran o conxunto normativo do transporte por estradas.
- Analizar dende unha perspectiva práctica os principais desafíos que se presentan en cada área temática dende o punto de vista do seu control e sanción.
- Complementar a formación xurídica con formación sobre as ferramentas dixitais e de información de referencia en cada un dos ámbitos materiais do control do transporte.

DESTINATARIOS

Persoal ao servizo da administración xeral da comunidade autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da administración institucional.

PROGRAMA

- Sesión 1: Marco xeral: o réxime de intervención administrativa en materia de transportes
O obxecto será revisar a distinción dos supostos de feito que dan lugar á esixencia de cada tipo de autorización de transportes, os requisitos para a obtención de documentación que deben levar a bordo, o réxime de colaboración, intermediación ou subcontratación e outras obrigas, así como os principais desafíos que se presentan dende o punto de vista do seu control e sanción.
Farase especial fincapé na análise de casos prácticos de especial complexidade no seu encaixe, maior actualidade ou especial transcendencia.
- Sesión 2: O réxime aplicable en materia de tempos de conducción e descanso: réxime legal e casos prácticos
O obxecto da sesión é repasar o réxime de tempos de conducción e descanso dos condutores, exemplificado mediante os correspondentes casos prácticos, así como actualizar os coñecementos sobre o funcionamento da Aplicación de Análise de Tempos de Conducción e Descanso do Ministerio de Transportes y Mobilidade Sostenible.
- Sesión 3: Uso do tacógrafo: tipos sancionadores e funcionamento do tacógrafo
O obxecto da sesión é examinar os distintos tipos sancionadores en materia de tacógrafo, determinar as probas que se poden recabar e os suxeitos responsables.
Para o dito exame partírase da explicación práctica do funcionamento do tacógrafo e, en particular, do novo tacógrafo intelixente, dos sistemas de seguridade do tacógrafo e da detección das súas vulneracións.
- Sesión 4: O control do transporte de mercadorías perigosas: aspectos básicos e infraccións máis comúns
O obxecto da sesión é transmitir os aspectos fundamentais que son obxecto de control en estrada ao transporte de mercadorías perigosas e as infraccións máis frecuentes e a súa tipificación.
- Sesión 5: Réxime sancionador do control do transporte de viaxeiros:
O obxecto é repasar o réxime aplicable aos distintos tipos de transporte de viaxeiros:

- transporte regular de uso xeral (principais obrigas sancionables de acordo coa normativa e cos pregos de condicións, documentos de control, medios de inspección)
 -transporte regular de uso especial (principais obrigas sancionables de acordo coa normativa e cos pregos de condicións, documentos de control, medios de inspección)
 - transporte discrecional (principais obrigas sancionables, documentos de control, medios de inspección)
 Analizarase o réxime xurídico e tipos sancionadores, os medios de proba utilizados e os medios á disposición da administración de transporte. Dedicarase unha especial atención ás dúbidas plantexadas polos servizos de Inspección os órganos instrutores e encargados da elaboración das resolucións sancionadoras.

Sesión 6: As aplicacións de xestión do transporte de viaxeiros

Inclúe una explicación sobre o funcionamento das aplicacións de xestión de transporte, focalizando nas funcionalidades e información de interese dende a perspectiva dos controis e instrucción dos expedientes sancionadores (OTRANS, SAEgal, bus.gal fundamentalmente).

Sesión 7: O procedemento administrativo sancionador en materia de transportes: réxime legal e a súa interpretación xurisprudencial

O obxecto do módulo é repasar os principais puntos conflictivos na tramitación do procedemento administrativo sancionador de transportes, con base na normativa de procedemento vixente, na normativa de transportes e nos derradeiros pronunciamentos xurisprudenciais.

Sesión 8: O procedemento administrativo sancionador en materia de transportes: actuacións previas e proba

O obxecto do módulo é realizar unha revisión das actuacións previas que deben ser realizadas segundo o tipo de infracción denunciada e a proba que debe ser recabada en función do tipo de infracción e das alegacións recibidas.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Preferentemente, persoal da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes que desempeñe funcións no ámbito do exercizo da potestade sancionadora ou de inspección en materia de transportes.

3. DATOS EDICIÓNS

MIXTO

LOCALIDADE: Presencial + Telepresenza

INICIO / FIN: 27/03/2025 a 05/06/2025

NUM. PRAZAS: 30

ESTADO: AMPLIACIÓN PRAZO - (SELECCIÓN DISP.

DATA EXAME: 05/06/2025 ás 13:30h

DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE

LUGAR DE REALIZACIÓN

AULA 7: O día 10 de abril de 10:00 a 14:00. O día 05 de xuño de 10:00 a 14:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA

Sala telepresenza: O día 27 de marzo de 10:00 a 12:00. Os días 03 e 24 de abril de 10:00 a 12:00. Os días 08, 15 e 22 de maio de 10:00 a 12:00. <https://egap.xunta.gal/aulavirtual>